Sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do
programa galego de pacientes polimedicados

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:55
Nº Rexistro: 16409
Data envío: 13/09/2017 16:55:07.110

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Ante estas características demográficas presentes e futuras da poboación galega, fai que se precisen novos paradigmas na atención aos pacientes pluripatolóxicos, que superen a tradicional división compartimentada da asistencia sanitaria para lograr unha asistencia integrada e eficiente, que sitúe permanentemente ao paciente no centro do sistema sanitario.

Unha destas accións deberían estar encamiñadas a mellorar a atención aos pacientes polimedicados cunha abordaxe interdisciplinaria, multifactorial, pero tamén integral (ambos niveis asistenciais comprometidos) e cun enfoque de seguridade, contemplando tanto a adherencia ao tratamento, a prescrición de medicamentos e as reaccións adversas, pero tamén incluíndo programas específicos de conciliación en cada proceso de transición do paciente dentro do sistema sanitario público galego.

Enténdese por polimedicación en termos cualitativos, o feito de tomar máis medicamentos dos clinicamente apropiados, mentres que os criterios cuantitativos establecen un límite no número de fármacos empregados.

O número máis estendido na bibliografía é de 5 ou 6 medicamentos utilizados de forma crónica. Calquera que sexa a definición que se adoite, se hai consenso en que a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:55
Nº Rexistro: 16409
Data envío: 13/09/2017 16:55:07.110

probabilidade de encontrar medicamentos innecesarios e de que aparezan problemas relacionados coa polimedicación aumenta significativamente co número de medicamentos prescritos.

Tamén a seguridade do paciente convértese nunha prioridade dos sistemas sanitarios en todo o mundo. Diversos estudos relacionan a polimedicación coa falta de adherencia, as interaccións medicamentosas e os efectos adversos. Todos estes factores e as súas consecuencias directas poderían ser responsables dun aumento do risco de ser hospitalizado, de sufrir caídas nos anciáns, de aumentar a morbilidade e a mortalidade.

Por tanto, poñer en marcha estratexias que melloren a organización e xestión do programa, a formación dos profesionais e a implicación de novos profesionais no ámbito da atención primaria, da atención hospitalaria e os farmacéuticos de oficina de farmacia, para darlle a continuidade asistencial necesaria coherente ás necesidades deste tipo de pacientes.

Entendemos que a ampliación e mellora na atención farmacolóxica a Pacientes Crónicos e Polimedicados en Galicia conseguiría mellorar a calidade e seguridade asistencial así como un uso máis responsable da prestación farmacéutica a estes pacientes.

Así pois, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a mellorar e ampliar o programa galego de pacientes polimedicados para garantir unha prevención, detección e resolución dos problemas cos medicamentos de forma proactiva, integral e máis efectiva a través da posta en marcha de estratexias de xestión, da mellora da

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:55
Nº Rexistro: 16409
Data envío: 13/09/2017 16:55:07.110

formación dos profesionais e da implicación dun maior número deles para darlle continuidade asistencial a este tipo de pacientes”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2017 16:52:48

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/09/2017 16:52:57

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/09/2017 16:53:05

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/09/2017 16:53:20

María Ángeles García Míguez na data 13/09/2017 16:53:29

Marta Rodríguez Arias na data 13/09/2017 16:53:36

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2017 16:53:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/09/2017 16:53:51

Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2017 16:53:59

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/09/2017 16:54:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 21776(10/PNP-001631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que os patios dos centros educativos sexan espazos de relación coeducativos nos que se promova a igualdade e se rompan as dinámicas de xerarquías e dos estereotipos de xénero así como para potenciar usos diversos das superficies dispoñibles

Publicación da iniciativa, 236, 10.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21776
Data envío: 22/12/2017 14:05:04.088



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Existe unha imaxe común en moitos dos patios de recreo dos espazos escolares de Galicia.

Eles xogando a fútbol na pista, que ocupa o espazo máis grande e case sempre o centro. Elas na periferia xogando ás chapas, ás palmas, ao pilla pilla, á comba, bailando ou paseando. A radiografía dos patios escolares é claramente machista: os nenos soen ocupar a parte central do mesmo, no que se dá protagonismo ao fútbol, como actividade estrela, mentres que nas beiras e recantos é frecuente que estean as nenas.

O resultado é que eles dominan o espazo coas únicas excepcións daqueles aos que non lles gusta este deporte e as (poucas) nenas que o practican nos recreos.

Sobre esta realidade levan tempo chamando a atención colectivos de urbanistas con perspectiva de xénero, que desde fai algúns anos fan un traballo conxunto con colexios e institucións para darlle a volta á disposición do patio.

Cuestión que pon de manifesto que o urbanismo non é nin neutro nin casual, reproduce as desigualdades e, no caso dos patios, está limitado pola normativa dos colexios. Ó final o que se dá é unha clara xerarquía de sexo e idade. Dominan os nenos e os máis maiores sobre os pequenos.



De feito o informe “Los patios de las escuelas: espacios de oportunidades educativas” calcula que o alumnado pasa unhas 525 horas ao ano neste espazo. Conclúe como é un reflexo das normas sociais, ao mesmo tempo que as reproduce e as alimenta. Nos di cal é o noso papel, o noso rol e os nosos límites. Por iso un patio máis equitativo debe dar lugar á diversidade non só permitindo outras opcións, senón ofrecéndoas.

Existindo experiencias xa desenroladas no ámbito español, se constata que as inversións son mínimas, moitas veces resoltas cun simple repintado dos chans, novos firmes, inclusión de pequenos equipamentos deportivos ou de mobiliario urbano, e todo dentro dun novo plan de xestión do uso coordinado coa comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).

O Parlamento de Galicia aprobou este ano en comisión unha iniciativa para impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

Por ser, o ámbito escolar, un dos que primeiramente inflúe na formación dos nenos e nenas, por ser o espazo idóneo para mellorar as relacións interxénero, interxeneracionais e interculturais dende a infancia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar, materializar e financiar, un plan de adecuación dos patios dos centros educativos para conseguir espazos de relación coeducativos, nos que se promova a igualdade e co fin de romper as dinámicas de xerarquías e dos estereotipos de xénero, potenciando usos diversos das superficies dispoñibles.

O plan que incluírá as seguintes medidas:

1. Realización dun estudo previo que analice as posibles obras de adecuación dos patios, (novas firmes e sectorizacións, plan de

- xestión do uso, equipamentos deportivos, mobiliario urbán,..), e que sirva para establecer unha orde de prioridade das obras entre os diferentes centros dependentes da administración autonómica.
2. Redacción dun protocolo de xestión dos usos dos patios con perspectiva de xénero que será facilitado a cada centro escolar dependente da Administración autonómica e que contará coas aportacións da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).
 3. Inclusión en todos os proxectos de nova creación de centros escolares, así como naqueles privados concertados, da necesidade de introducir a perspectiva de xénero na configuración e uso dos patios escolares.
 4. Dotar orzamentariamente o plan para afrontar as obras de adecuación de todos os centros de forma gradual, e co horizonte do ano 2021 para conquistar a totalidade das actuacións contempladas no estudio previo.

Pazo do Parlamento, 21 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21776
Data envío: 22/12/2017 14:05:04.088



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Luisa Pierres López na data 22/12/2017 13:59:31

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/12/2017 13:59:36

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/12/2017 13:59:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2017 13:59:46

**Maria de la Concepción Burgo López na data 22/12/2017
13:59:48**

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/12/2017 13:59:52

Raúl Fernández Fernández na data 22/12/2017 13:59:56

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/12/2017
14:04:33**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 22846(10/PNP-001680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22846
Data envío: 11/01/2018 17:12:12.280

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao impacto na ría de Arousa da reapertura dunha mina situada nos concellos de Touro e O Pino.

O 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. A intención deste proxecto é seguir explotando os xacementos abandonados no ano 1986 e engadir xacementos colindantes.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 698 Ha. 70% correspóndense con novas afectacións, só o 30% son terreos xa afectados pola anterior explotación.

Trátase dun proxecto con elevadísimos impactos negativos, tanto medioambientais, na saúde e económicos, o que fai que sexan innumerábeis as mostras de rechazo ao mesmo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22846
Data envío: 11/01/2018 17:12:12.280

A súa ubicación en plena conca do río Ulla ten feito saltar as alarmas na ría de Arousa, polo temor as graves consecuencias que no tecido socioproductivo da ría pode ocasionar a reapertura desta explotación mineira, xa que os cursos de auga da mina drenan cara o río, e polo tanto a contaminación que xere irá ao mesmo.

O río Ulla é o principal aporte de auga doce á ría e desemboca directamente nos bancos marisqueiros. O impacto medioambiental e no sector productivo, tanto marisqueiro como da pesca pode ser letal. A inmensa magnitude dos verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen un risco evidente para a calidade das augas deste río e polo tanto do conxunto da ría, da que viven directamente trinta mil familias.

Por todas estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Consellería do Mar a que realice todas as actuacións precisas para:

Que non se autorice proxecto de explotación mineiro San Rafael, situado nos concellos de Touro e O Pino nº 2946, polos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial e coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos .



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22846
Data envío: 11/01/2018 17:12:12.280

Que se proceda á eliminación dos focos de contaminación de metais pesados da antiga mina, para como mínimo asegurar que esta explotación non compromete a calidade ambiental do río Ulla e da ría de Arousa.”

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2018 17:09:40

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2018 17:09:46



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22846
Data envío: 11/01/2018 17:12:12.280

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/01/2018 17:09:51

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2018 17:09:53

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2018 17:09:55

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2018 17:10:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.4 25181(10/PNP-001796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para acadar a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes, así como a ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201, sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25181
Data envío: 05/02/2018 14:34:16.999



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

No referente ao emprego, o traballo, a formación profesional e ámbitos relacionados, existen directivas de importantes repercusións, que van dende a 75/117/CEE, relativa ao principio de igualdade na retribución, ata a Directiva 2006/54/CE. O obxectivo desta última é simplificar, modernizar e mellorar a lexislación comunitaria no ámbito da igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, reunindo nun único texto as disposicións das directivas sobre este tema, co fin de facelas máis claras e eficaces. A través delas se foron recollendo as necesidades de regulamentación nas políticas económicas dos estados e na vida laboral de homes e mulleres.

O Tratado de Amsterdam, que entrou en vigor en 1999, marcou un punto de inflexión en canto á incorporación efectiva do principio de igualdade no ámbito do emprego, ao abrir co seu artigo 141.4 a posibilidade de articular accións positivas para as mulleres, de cara a lograr a igualdade real.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia de igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en

1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu Título IV, capítulos I ao IV, toda unha batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a *Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes*, aborda no Capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu artigo 23 o Programa de apoio ás empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta administración.

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007 de 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a homes e mulleres imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

A precariedade e os baixos salarios que veñen caracterizando ao mercado laboral nestes últimos anos teñen a súa máxima expresión nas mulleres. Entre 2014 e 2016, a fenda salarial creceu en Galicia ata os 4.513 euros, debido ao incremento da precariedade que afecta principalmente ás mulleres, que copan segundo datos da EPA o 77 % das xornadas parciais en Galicia, ao que hai que engadir a maior dificultade para encontrar emprego.

A discriminación salarial afecta a todos os sectores, aínda que non na mesma proporción. Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca encabezan a desigualdade na remuneración por sexos, onde o salario é



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

de media un 30,3 % máis alto que o das mulleres. Segundo os datos que se reflicten do último informe de inserción laboral dos titulados da comunidade autónoma elaborado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, coa mesma preparación tres anos despois de concluír os seus estudos de especialización, os homes cobran 228 euros máis que as mulleres.

A ausencia de concienciación e implicación en canto á aplicación de medidas preventivas nos centros de traballo, supuxeron sempre unha materia pendente, situación que se foi deteriorando nos últimos anos como consecuencia da crise económica, sendo a prevención xunto co emprego, as primeiras medidas de aforro que poñen en marcha os empresarios. Sen ánimo de ser pesimistas e asumindo que os avances foron moi importantes, a realidade é que na maioría das empresas, realízanse avaliacións de riscos xenéricas sen entrar na avaliación dos postos de traballo e moito menos, en avaliar de maneira específica, as repercusións que determinadas substancias, tarefas, xornada, procedementos, etc. poden ter na saúde da nai xestante ou no fillo/a.

Debe ser prioritaria a posta en marcha de medidas preventivas, ben eliminando os riscos ou ben realizando o cambio de posto ou funcións, por dúas razóns: en primeiro lugar polo dereito fundamental de protexer a saúde e seguridade da nai e/ou o fillo/a e en segundo lugar, para non dar lugar innecesariamente a prestacións que se pagan coas cotas de todos os/as afiliados/as ao sistema, cando esta é unha cuestión que corresponde ao empresario abordar e solucionar. A realidade é que en numerosas empresas non se aplica ou se aplica moi deficientemente o contido íntegro do artigo 26 da LPRL, se se controlasen de forma eficaz que todas as empresas teñan as avaliacións realizadas e especificados os postos de traballo exentos de risco para as situacións de embarazo e lactación, estaría moito máis protexida a muller embarazada e a súa descendencia e evitaríase a controversia nos xulgados.

O convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (OIT), sobre a equiparación do traballo doméstico, que foi asinado en 2011 e xa foi ratificado por 23 países, entrou en vigor o pasado 5 de setembro de 2013, estendendo os dereitos laborais fundamentais aos e as



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

traballadoras domésticas de todo o mundo.

O pasado 8 de maio de 2013 na Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados, aprobouse por unanimidade unha emenda transaccional á Proposición non de lei sobre ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201 sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos, compromiso a pesares do cal o Goberno de España aínda non levou a ratificación ao Congreso, deixando aos traballadores e traballadoras do fogar en condicións de desigualdade con respecto ao resto de sectores.

Durante este tempo, a indiferenza e o desinterese por parte das institucións xunto coa reforma laboral, favoreceron o retroceso dos dereitos laborais e impediron sistematicamente a súa extensión nun sector totalmente precarizado, sen a protección e a cobertura social que teñen outras actividades económicas, e con taxas moi elevadas de economía mergullada. Do elevado número de altas na Seguridade Social das empregadas do fogar rexistrado en 2012 coa Lei de regularización do servizo doméstico, entón incorporáronse 7.170 traballadoras, pasouse a un arrefriado das afiliacións.

Dende o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un Acordo Marco de Actuación estable e continuada no tempo coa Delegación Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, adscrita ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, contra a Brecha Salarial e pola Igualdade Efectiva no Traballo.

- 1.1 No marco deste acordo, poñerase en marcha unha fiestra única para a recepción de consultas e denuncias sobre a fenda

salarial de xénero e a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado laboral e condicións de traballo, como un mecanismo para a coordinación interinstitucional.

2. Cumprir a *Lei 2/2007 de 28 de marzo do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia*.
3. Redactar e difundir un monográfico sobre fenda salarial en Galicia cada 22 febreiro, Día para a Igualdade Salarial entre Mulleres e Homes.
4. Potenciar á integración da igualdade na formación profesional e no ensino universitario a través da:
 - 4.1 Elaboración de datos sobre porcentaxes de alumnas e graduadas así como sobre as saídas profesionais nos programas de orientación preuniversitaria co fin de potenciar o perfil das titulacións entre as alumnas.
 - 4.2 Posta en marcha dunha campaña de sensibilización na formación profesional para favorecer a presenza de mulleres en disciplinas masculinizadas.
 - 4.3 Toma de medidas de comunicación que incidan nunha elección de estudos e saída profesional non sesgada por cuestións de xénero.
 - 4.4 Favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres, no desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da *Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional*.
5. Priorizar nas políticas activas de emprego a situación das mulleres do medio rural e das mulleres do sector marítimo-pesqueiro implantando programas e medidas destinadas á súa efectiva inserción laboral.
6. Poñer en marcha actuacións dirixidas ao fomento do empresariado feminino, fundamentalmente a respecto da: formación empresarial, axudas económicas para a creación de

- empresa, servizos de asesoramento empresarial, servizos de tutoría na creación e mellora de empresa, apoio á constitución de redes empresariais, fomento da participación nas canles de promoción, publicidade e comercialización de servizos e produtos.
7. Incrementar durante a X lexislatura as medidas de apoio económico e técnico para a implantación voluntaria de plans de igualdade ou de outras medidas de promoción da igualdade, facendo especial fincapé no incremento da porcentaxe en casos de subrepresentación das mesmas e na adaptación dos tempos e horarios laborais.
- B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:
1. Promover unha Lei de igualdade salarial entre homes e mulleres que garanta de forma real e efectiva tanto a distribución social dos traballos domésticos, como a retribución para o desempeño dun traballo de igual valor, removendo todos os obstáculos (acceso, formación, promoción, conciliación...) que o dificultan.
 2. Garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais nos casos de embarazo ou lactación, levando a cabo, entre outras, as seguintes actuacións:
 - a) Promover campañas da Inspección de Traballo e da Seguridade Social para esixir á empresa que realice a avaliación inicial de todos os postos de traballo, para determinar que postos están exentos de riscos para o embarazo ou lactación e iso aínda que non exista nese momento ningunha traballadora en situación de embarazo ou lactación.
 - b) Promover campañas da Inspección de Traballo e da Seguridade Social para que no caso de que exista unha traballadora en situación de embarazo ou lactación se realicen avaliacións específicas, avaliando o posto en función da situación individual (embarazo ou lactación) e das características especiais da nai embarazada ou en período de lactación.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25181
Data envío: 05/02/2018 14:34:16.999



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- c) Impulsar protocolos de actuación para as Mutuas Colaboradoras na xestión da Seguridade Social, que inclúan entre os riscos protexidos os que puidesen afectar no embarazo e a lactación.
- d) Aumentar as inspeccións de traballo en empresas e no ámbito da administración pública para evitar calquera tipo de discriminación das traballadoras embarazadas e en período de lactación.
3. Ratificar, sen dilación, o Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201 sobre o traballo decente para as traballadoras e os traballadores domésticos.

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:22:19

María Luisa Pierres López na data 05/02/2018 14:22:25

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2018 14:22:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/02/2018 14:22:34

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.5 26134(10/PNP-001844)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 12:48
Nº Rexistro: 26134
Data envío: 14/02/2018 12:48:23.874



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, sobre as prácticas escolares a prol da igualdade.

Exposición de motivos

Partindo de que as escolas son unha das áreas de socialización máis importantes para as nenas e os nenos, é imprescindible reforzar o papel das mesmas e do profesorado a prol da igualdade. Neste senso, a escola debe converterse no principal axente a prol da igualdade, espazo no que se combatan os estereotipos e roles que fomentan a desigualdade de xénero, e no que se traballe para o cambio necesario.

Malia que nos últimos anos se deron avances na introdución da perspectiva de xénero nas escolas e se desenvolveron diversos programas e proxectos de educación en igualdade, resultan insuficientes, esporádicos e moitas veces dependen da vontade da comunidade educativa ou de propostas de institucións concretas. A pesar do marco xurídico que mandata o desenvolvemento dunha formación en igualdade tanto para o alumnado como para o profesorado, as eivas son enormes. Como enorme é a carencia de mulleres nos libros de texto. Ademais, a educación afectiva sexual segue sen ter un espazo no currículo.

Ausencias que cómpre atallar e que resultarían útiles para loitar contra as múltiples facianas da fenda de xénero.

Neste senso, hai apenas dous días que os xornais se facían eco de que só o 24,5% do total de alumnado matriculado en titulacións técnicas son mulleres. Unha cifra



12 puntos por debaixo da que tiñamos en 2005. Ou o chamativo caso de informática: se hai vinte anos a porcentaxe de mulleres matriculadas nesta titulación rondaba o 30%, actualmente queda só nun 12%.

Desigualdade que se deixa sentir, de forma especialmente intensa no mercado laboral, con máis paro, máis temporalidade, máis traballo a tempo parcial, teitos de cristal, menores salarios, pensións máis baixas, xornadas dobres... e que, polo tanto, cómpre atallar dende a infancia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta ao Goberno da Xunta de Galicia a:

1. Crear prazas de axentes de igualdade nos centros educativos para poder avanzar cara equipos conxuntos de orientación e igualdade, con formación específica en igualdade e prevención das violencias machistas. Para ter esta consideración, os axentes de igualdade deberán acreditar, cando menos 300 horas de formación específica.
2. Elaborar un plan de formación en igualdade para o corpo docente con formación específica en prevención e detección das violencias machistas tanto no proceso de formación previa como ampliando a formación continua para o profesorado en formación en prevención e atención á violencia machista
3. Estender a materia de igualdade de xénero a todos os cursos educativos, adaptando os contidos a cada etapa educativa e incluíndo, entre os seus contidos, bloques específicos de educación afectivo-sexual.
4. Desenvolver un plan de patios escolares a prol da igualdade de xeito que se aposte por xogos que promovan a convivencia e un uso dos espazos igualitario.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 12:48
Nº Rexistro: 26134
Data envío: 14/02/2018 12:48:23.874



5. Levar a cabo as medidas necesarias para que nas escolas que se use uniforme escolar, se aposte polo uniforme escolar único de pantalón evitando a diferenciación de uniforme para nenos e para nenas.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Paula Quinteiro Araujo,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/02/2018 12:45:08

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/02/2018 12:45:17

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2018 12:45:26

Luis Villares Naveira na data 14/02/2018 12:45:33

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.6 26209(10/PNP-001853)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 10 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, eliminación de roles e estereotipos de xénero na comunicación e nos ámbitos familiar e laboral, flexibilización do tempo de traballo, racionalización horaria e loita contra a fenda salarial

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 18:24
Nº Rexistro: 26209
Data envío: 14/02/2018 18:24:30.691

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Marián García Míguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos son cuestións que deben ser resoltas tanto polos homes coma polas mulleres e deben ser facilitadas e impulsadas polas distintas administracións.

Dende a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam, a Unión Europea adquiriu o compromiso formal e prioritario da consideración da Igualdade entre homes e mulleres como un obxectivo horizontal chamado a integrar a totalidade das políticas da Comunidade. Isto implica a aplicación do principio de igualdade de trato nos diferentes ámbitos: a loita contra a discriminación por razón de sexo no acceso o emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada e a promoción de igual remuneración por igual traballo, así como a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades.

Na Estratexia europea 2020, por un crecemento intelixente sustentable e integrador, tamén se destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos con fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e á cohesión social.

Neste marco, a Xunta de Galicia vén de publicar unha convocatoria de axudas ás Entidades Locais da Comunidade Autónoma que ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local, como son os

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 18:24
Nº Rexistro: 26209
Data envío: 14/02/2018 18:24:30.691

programas de fomento da conciliación. Os obxectivos destes programas de conciliación deben responder ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da organización dos seus tempos persoais, laborais e familiares; así como os Bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlle ás persoas un sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

Por outro lado, é de vital importancia seguir traballando na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Profundizar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información o conxunto da cidadanía sobre as vantaxes sociais da conciliación corresponsable.
2. Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.
3. Avanzar na coeducación para eliminar roles e estereotipos de xénero que repercuten na histórica división sexual do traballo e perpetúan a desigualdade na asunción das responsabilidades familiares e domésticas por parte de mulleres e homes.
4. Impulsar e favorecer a implantación de medidas de conciliación e de flexibilización do tempo de traballo nas empresas e outras organizacións, tales como as Administracións locais e Autonómica, fomentando o uso corresponsable entre as persoas traballadoras, así como promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria.
5. Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado de persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia.
6. Intensificar a labor da Inspección de Traballo e Seguridade Social e demais acción de promoción contra a fenda salarial e pola igualdade efectiva no traballo,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 18:24
Nº Rexistro: 26209
Data envío: 14/02/2018 18:24:30.691

ao abeiro do plan Emprega en Feminino”.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/02/2018 18:19:28

Paula Prado Del Río na data 14/02/2018 18:19:38

María Ángeles García Míguez na data 14/02/2018 18:19:47

César Manuel Fernández Gil na data 14/02/2018 18:19:53

Jacobo Moreira Ferro na data 14/02/2018 18:19:56

María Isabel Novo Fariña na data 14/02/2018 18:20:06

Antonio Mouriño Villar na data 14/02/2018 18:20:13

Alberto Pazos Couñago na data 14/02/2018 18:20:20

María Julia Rodríguez Barreira na data 14/02/2018 18:20:28

Raquel Arias Rodríguez na data 14/02/2018 18:20:37

María Guadalupe Murillo Solís na data 14/02/2018 18:20:44

Moisés Blanco Paradelo na data 14/02/2018 18:20:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.7 26211(10/PNP-001854)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real Decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fenda salarial, a discriminación feminina nos ingresos por traballo fronte aos homes, é a concreción dunha situación estrutural de desigualdade no mercado de traballo que, á súa vez, reflexa unha desigual posición na sociedade.

Tendo en conta os datos de Eurostat, a diferenza no salario por hora medio bruto entre homes e mulleres era no Estado español dun 14,9% en 2015. A fenda salarial total entre xéneros (diferencia entre os ingresos anuais medios das mulleres e dos homes), segundo os mesmos datos de Eurostat era en 2014 dun 35,7%.

Segundo o informe “Brecha salarial y techo de cristal”, elaborado por Gestha seguindo a estatística do mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias de 2016 da AEAT, a fenda salarial acada en Galiza un 28,7%, tendo en conta que o salario medio feminino se sitúa en 2016 en 15.730 €, 4.513 € menos que o masculino.

Esta desigualdade de xénero nos salarios permanece estancada practicamente no noso país dende o ano 2005.



En canto á fenda do salario medio feminino galego co resto do Estado, as mulleres galegas cobran de media 551 € menos que a media do salario feminino de todas as C.A. de réxime común.

O informe de Gestha amosa que o cambio de ciclo económico dende 2014 non está chegando ás mulleres xa que, dende esa data, a fenda salarial, que se reducira durante a crise (pola perda de salario dos homes), non fixo máis que aumentar.

Segundo o estudo da CIG sobre o mercado de traballo en Galiza do ano 2016, “no ano 2015, de media, unha muller ingresou o 77,8% do que ingresou un home; no ano 2009 foi o 76,9%. Logo deste período acurtáronse levemente as diferenzas, mais este acercamento non se debeu a un maior incremento dos salarios das mulleres, senón a un maior descenso dos salarios dos homes comparativamente coas mulleres. O mesmo que ocorre coa taxa de paro. Prodúcese un estreitamento das diferenzas, pero provocado polo empeoramento das condicións laborais masculinas, non pola mellora das femininas.”

Os factores que inciden na existencia da fenda salarial son diversos.

En primeiro lugar, é menor a taxa de actividade feminina (49,1 % en 2016) e a taxa de ocupación (41,1%), 9 e 8 puntos inferiores ás masculinas.

Por outra parte, nas mulleres ten maior incidencia o emprego a tempo parcial (o 76% dos traballos a xornada parcial son realizados por mulleres), unido ao feito de que a maioría deste emprego a tempo parcial é obrigado polas circunstancias de coidado de menores ou dependentes. Así, en 2017, 1.078 mulleres acolléronse en Galiza a algunha excedencia para coidado de fillos e/ou fillas, fronte a 132 homes que fixeron o mesmo. Ademais, a inactividade por razón de coidados no entorno familiar é a situación dun 4,8% das mulleres que non traballan, fronte ao 0,6% dos homes.



Entre 2009 e 2016, segundo a CIG, o uso da xornada parcial pasou do 18% ao 22% nas mulleres ocupadas, mentres que nos homes o fixo dende un 4,6% ao 6,1%.

O tipo de emprego está directamente relacionado coa fenda salarial, pois as mulleres son maioritarias no sector servizos, que é o máis precarizado: 9 de cada dez asalariadas galegas pertencen ao sector servizos.

A combinación de emprego a tempo parcial e presenza nos empregos con menor salario fai que as mulleres galegas ocupen os decís de emprego máis baixos (no decil 1 dos salarios, o 10% de persoas asalariadas que menos cobran, o 80% son mulleres), así como que un 36,3% das asalariadas galegas perciba salarios iguais ou menores que o SMI, fronte a un 26,6% dos homes. Segundo un estudo da CIG, na actualidade hai menos asalariadas que en 2009 en todos os tramos de ingresos, salvo nos máis baixos.

Salarios máis baixos durante toda a vida motiva que as pensións de xubilación sexan máis baixas nas mulleres. Segundo o estudo da UGT “Análise das Pensións dende a perspectiva de xénero”, a nivel estatal as mulleres representan o 48,17% das persoas que perciben unha pensión contributiva, e soportan unha fenda do 37,35% na contía medida das súas pensións. No Estado, nas pensións por Incapacidade Permanente, a fenda de xénero é do 17,33%, e nas pensións de xubilación chega ao 37,04%. En Galiza, a brecha de xénero nas pensións de xubilación é do 37,89%. As mulleres galegas son as que perciben as pensións máis baixas do Estado, mentres que a pensión dos homes é a quinta máis baixa do Estado. As mulleres xubiladas perciben de media 452,11 euros mensuais menos que os homes o que, multiplicado por 14 pagas, supoñen 6.329,54 euros anuais. Ademais, as mulleres triplican aos homes entre quen percibe pensións inferiores aos 500 euros.



A causa profunda desta situación é o machismo, a persistencia dun sistema patriarcal que asigna á muller o rol de coidadora e encargada da esfera do fogar, cuestión vinculada a unha mistificación da maternidade, e darlle ao home o rol dominante e protagonista da esfera pública.

A maternidade sigue sendo obxecto de penalización para as mulleres no eido laboral, comezando a aumentar significativamente a fenda salarial nos tramos de idade entre os 26 aos 45 anos, en coincidencia coa etapa na que a maioría das mulleres galegas que decide ter descendencia accede á maternidade. A fenda agrándase a partir dos 45 anos.

En canto á discriminación salarial polo mesmo traballo, esta non é directa —é dicir, unha muller non ten un soldo base menor que o dun home na mesma categoría e funcións—, senón que se dá nos complementos salariais e nas horas extraordinarias. Segundo a UGT, a fenda das horas extraordinarias sitúase no 78,88%, no 30,44% nos complementos salariais e no 36% nas pagas extraordinarias. Unha das dificultades para abordar estas cuestións é a opacidade da política salarial das empresas.

A discriminación de xénero é indiferente do nivel formativo, experiencia profesional e sector: é unha discriminación que afecta estruturalmente a todos os sectores, idades e categorías profesionais.

Deste xeito, persiste unha desigual presenza de mulleres nos Consellos de Administración das empresas, sen que a Administración esixa o cumprimento das disposicións normativas ao respecto. Segundo o Informe de Deloitte, 'Mujeres en la sala del consejo de administración, una perspectiva global', as mulleres ocupan só o 16% dos postos dos Consellos de Administración das empresas españolas. En Galiza, só o 3,4% da poboación ocupada feminina desempeña postos de dirección ou xerencia, fronte ao 6,4% no caso dos homes. Ademais, a fenda salarial acentúase nos niveis salariais máis altos.



En canto aos sectores máis feminizados, que son os máis precarizados, a crise e os recortes agravaron a súa situación.

No sector do traballo no fogar, maioritariamente desempregado por mulleres (83%) e moi precarizado, o salario é, de media, un 60% inferior ao do resto dos e das asalariadas e ten unha taxa de temporalidade de máis do 50%, ademais de padecer outras discriminacións no dereito a desemprego, baixas remuneradas, etc.

As mulleres son quen máis padecen situacións de dependencia, e tamén quen máis exercen de coidadoras de dependentes (+80%). O sector das (fundamentalmente mulleres) traballadoras no fogar e coidadoras está altamente precarizado e en situación irregular. Ter retirado o pago por parte do Estado das cotas da Seguridade Social das persoas coidadoras non profesionais supuxo, para o noso País, que moitas persoas (fundamentalmente mulleres e maiores de 55 anos) sigan a desempeñar o mesmo traballo de coidadoras de xeito informal, pero sen cotizar á SS: menos de 1000 persoas galegas adicadas a coidar de familiares están afiliadas á SS, o que representa un 7% do total.

No emprego público, as mulleres son maioría nos centros de traballo de Política Social, que teñen unha alta incidencia de sinistralidade laboral por sobreesforzo e que sofren a conxelación dos seus dereitos laborais, por causa do mantemento en vigor da Lei 1/2012.

O sector téxtil galego, moi feminizado, afrontou estes anos ERES e peches e os convenios colectivos no sector permanecen estancados por debaixo dos 1000 €.



O sector de teleservizos, feminizado e precarizado, sufriu ERES e deslocalizacións.

Na sesión plenaria do 28 de decembro de 2016, a proposta de En Marea, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade instar á Xunta a abrir unha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020.

Preguntada a Xunta sobre o estado de execución de dito acordo, responde que “continúan os traballos entre os interlocutores sociais no seo do CGRL para a posta en práctica do acordo”. No entanto, coñecidos os datos da EPA correspondentes ao cuarto trimestre de 2017, a situación do mercado laboral é aínda máis grave que no 2016, pois estáncase a creación de emprego no ano 2017, consolidándose no país a temporalidade e os baixos salarios. Un dos sectores onde máis emprego se destruíu en Galiza nos tres últimos meses de 2017 foi o sector servizos, o máis feminizado. Así, no último trimestre de 2017 destruíronse 4000 empregos femininos en Galiza e a poboación activa feminina reduciuse en 9000 efectivos.

O panorama laboral feminino en Galiza esixe que a Xunta exerza con decisión as súas competencias en materia de promoción da igualdade no eido laboral.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 18:25
Nº Rexistro: 26211
Data envío: 14/02/2018 18:25:15.447



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que antes de 2020 se acometan os seguintes obxectivos, de cara a rematar coa fenda salarial de xénero existente no noso país:

1. Realizar unha modificación orzamentaria para aumentar os Orzamentos do Consello Galego de Relacións Laborais para posibilitar que, a través da súa Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Homes e Mulleres na Negociación Colectiva, se poña en marcha antes do remate de 2018, o acordo adoptado polo Parlamento de Galicia na sesión do 28 de decembro de 2016, relativo a abrir unha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020
2. Realizar unha modificación orzamentaria para aumentar os Orzamentos do Consello Galego de Relacións Laborais para posibilitar a actualización do último estudo sobre a *Situación sociolaboral da muller en Galicia*, editado en 2007.
3. Impulsar con maior apoio técnico á instauración de Plans de Igualdade nas empresas.
4. Impulsar un plan específico de emprego feminino, con especial incidencia na industria, no sector do téxtil, no medio rural e no sector marítimo pesqueiro.
5. Intensificar a colaboración do Consello Galego de Relacións Laborais coa Delegación Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social na loita contra o mobbing maternal e no avance na igualdade efectiva no traballo.
6. Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade dun plan específico de inspección laboral no sector do traballo no fogar.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 18:25
Nº Rexistro: 26211
Data envío: 14/02/2018 18:25:15.447



7. Trasladar ao Goberno do Estado que se recuperen as cotizacións e prestacións económicas ás persoas coidadoras no fogar establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
8. Aumentar o persoal nos centros de traballo da Consellería de Política Social, incluído o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
9. Dar cumprimento ao Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
10. Trasladar, novamente, ao Goberno do Estado a necesidade de impulsar o acordo unánime do Parlamento de Galicia na sesión do 28 de decembro de 2016 a prol dunha Lei de Igualdade retributiva entre homes e mulleres.
11. Dirixirse ao Goberno do Estado para que se derogue a Lei 35/2010, de 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo e o RD Lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 18:25
Nº Rexistro: 26211
Data envío: 14/02/2018 18:25:15.447



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 14/02/2018 18:23:40

Luis Villares Naveira na data 14/02/2018 18:23:49

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.8 26274(10/PNP-001863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en
materia de igualdade e equidade salarial entre mulleres e
homes

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita incansábel de moitas mulleres e colectivos de mulleres de todo o mundo na defensa da igualdade en diferentes ámbitos, tamén no laboral, teñen contribuído a conquistar numerosos avances en materia de dereitos. Porén, contamos con numerosos indicativos que amosan como a igualdade real é un obxectivo aínda lonxe de conquistar e o grao de cumprimento e desenvolvemento dos marcos lexislativos se teñen amosado aínda como insuficientes.

As consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais a partir das reformas laborais de PP e PSOE teñen contribuído a profundar na desigualdade e a que as súas consecuencias recaian de forma máis intensa sobre as mulleres. Deste xeito, malia o momento económico de superación do ciclo de recesión, na actualidade somos as mulleres quen ocupamos as peores porcentaxes de traballo precario, temporal, parcial e bolsas de traballo fóra da lei nun marco onde a lexislación e a inspección son aínda insuficientes. Esta desigualdade esténdese tamén ao ámbito do traballo non remunerado, na que o reparto das responsabilidades repercute



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:08
Nº Rexistro: 26274
Data envío: 15/02/2018 17:08:17.562

negativamente sobre quen agora recibimos a sobrecarga derivada da redución do apoio público ás necesidades de coidados coa desculpa da crise económica.

No último trimestre dispoñíbel, o cuarto do 2017, a taxa de actividade das mulleres galegas está 8,7 puntos por baixo da dos homes. Ademais, esta taxa é 4,5 puntos menor á do conxunto do estado. Doutra banda, a taxa de paro das mulleres é maior que a dos homes, ademais, dende que goberna Feijóo, a taxa incrementouse en case 5 puntos, o que supón un incremento do 42%. Así mesmo, nas persoas menores de 25 anos, a taxa dos homes é actualmente maior á das mulleres, a pesares de que a taxa das mulleres incrementouse en máis dun 25% dende que goberna Feijóo.

Pasaron xa máis de dez anos da aprobación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e da lei estatal 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Porén, a vixencia da situación de desigualdade así como as mudanzas e avances colectivos no recoñecemento e visibilización das múltiples formas de violencia contras as mulleres obrigan a avaliarmos o cumprimento e eficacia deste marco, que a todas luces está a ser insuficiente como demostran os baixos índices de inspección así como o baixo cumprimento de cuestións como o referido aos Plans de Igualdade nas empresas.

Así mesmo, desde Galiza non só sufrimos a falta de interese por parte do goberno central para legislar a prol da igualdade efectiva no ámbito de traballo, senón que a absorción por parte da administración estatal do groso das competencias en materia de emprego limita a nosa capacidade de actuación e é unha mostra máis do lesivo que é para a clase traballadora galega a ausencia dun marco de relacións laborais propio así como a falta de vontade do goberno galego de expremere ao máximo o noso marco competencial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:08
Nº Rexistro: 26274
Data envío: 15/02/2018 17:08:17.562

Neste senso, cómpre lembrar que segundo o último informe publicado polo persoal técnico de Facenda (Gestha), baixo o título 'Fenda salarial e teito de vidro', a desigualdade entre as mulleres traballadoras e os homes está situada no 28,7% --sendo a media estatal do 29,1. É dicir, a fenda nos salarios supón 4.745 euros menos ao ano para elas como resultado dunha maior temporalidade, parcialidade e precariedade laboral alén das consecuencias derivadas do mantemento e reprodución do rol patriarcal e machista que impón ás mulleres a asunción do coidado das crianzas e persoas dependentes.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno español a introdución na lexislación, no prazo máximo de tres meses, de sancións económicas para aquelas empresas que non garantan a equidade salarial entre mulleres e homes e que incumpran as directrices da lexislación en materia de igualdade.

2. Instar á Xunta de Galiza a crear, no prazo de dous meses, un organismo público para a defensa diante das situacións de discriminación laboral por razón de sexo así como para a promoción e vixilancia do cumprimento da lexislación en materia de igualdade que aglutine cando menos as seguintes funcións:

- Asesorar e defender os dereitos das mulleres no ámbito do traballo.
- Mediación na resolución de conflitos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:08
Nº Rexistro: 26274
Data envío: 15/02/2018 17:08:17.562

- Recibir a remisión por parte das empresas, de acordo coas recomendacións da Comisión Europea en 2014, información sobre as táboas salariais do cadro de persoal por xénero, incluíndo salario total e complementos desagregados, co obxectivo de que esta información tamén poida ser utilizada polas traballadoras para denunciar xudicialmente a discriminación.

- Facer seguimento dos Plans de Igualdade no proceso de redacción, execución e avaliación; asesoramento e defensa dos dereitos das mulleres no traballo.

- Elaborar e remitir ao Parlamento Galego un informe anual sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

- Colaborar co Parlamento galego e os axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:08
Nº Rexistro: 26274
Data envío: 15/02/2018 17:08:17.562

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 17:06:24

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 17:06:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 17:06:33

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 17:06:34

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 17:06:35

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 17:06:43

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 20572(10/INT-000681)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a política do Goberno galego en materia de xénero

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte INTERPELACIÓN.

Ademais de poñer de manifesto a estrutura de poder masculino que impera na industria norteamericana do entretemento, o caso Weinstein serviu como acicate para que milleiros de mulleres sinalaran os acosos cotiáns e os abusos que levan sufrindo toda a vida. Así o fixeron constar moitas delas no hashtag [#MeToo](#). O crecemento vertixinoso das vítimas dispostas a narrar a súa historia sinalou pronto cal era a magnitude da cuestión. Mulleres de tódolos recunchos do planeta experimentaran situacións semellantes.

A esta campaña sumáronse multitude de mulleres do Estado Español, algunhas cun perfil público.

A estrutura patriarcal que permite aos homes facer o que queiran coas mulleres enraíza tamén naqueles lugares que, polo súa vocación comprometida, poderíamos pensar que están libres de violencias machistas. É o caso das ONGs. Segundo unha enquisa na que participaron 1.418 traballadores e traballadoras do sector, case todas mulleres, o 69% sufrira algún tipo de abuso o acoso sexual nunha misión, na meirande parte dos casos, por parte dun compañeiro.

Estes exemplos amosan que as diferentes formas de violencia sexual non se circunscriben a un ámbito específico, senón que son unha constante na vida das mulleres. Sucede en todos os ámbitos, no fogar, no emprego, no cine, na moda, no deporte, etc.

Os resultados de non contar con políticas feministas activas está a ter funestas consecuencias para Galicia. Ao mesmo tempo que descende a taxa xeral de criminalidade (que se sitúa no 27,1 por cada mil habitantes fronte o 43,3 do conxunto do Estado) aumentan os delitos contra a liberdade sexual un 11% (tres puntos por enriba da subida estatal). Son xa 363 delitos deste tipo, unha media de 40 cada mes.

Que aumenten os delitos contra a liberdade sexual á vez que descende a taxa xeral de criminalidade é síntoma de que, de novo, as violencias machistas non están recibindo a atención que merece. A violencia contra a muller precisa dunha estratexia transversal e continuada non tempo que a Xunta de Galicia non está a aplicar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1) Como avalía o Goberno da Xunta o feito de que aumenten os delitos contra a liberdade sexual no mesmo período no que descende a criminalidade?
- 2) Cales foron as políticas de xénero que levou a cabo o Goberno de Feijóo dende o ano 2009? A que cree que se debe o seu fracaso manifesto?
- 3) O Goberno pensa rectificar o rumbo para que non se volvan a repetir uns datos semellantes ou abundará nos erros do pasado? Que cambios está a considerar?
- 4) Cales son os criterios que se manexan no momento de apostar por unha ou outra política de xénero? Que indicadores se manexan? Como se avalía a súa efectividade?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 11:53
Nº Rexistro: 20572
Data envío: 23/11/2017 11:53:09.854



5) Que informes manexa a Xunta acerca dos resultados das súas políticas de xénero durante os últimos oito anos?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 23/11/2017 11:51:25

Marcos Cal Ogando na data 23/11/2017 11:51:33

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 22216(10/INT-000754)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre que medidas prevé adoptar o Goberno galego para o
cumprimento dos acordos parlamentarios en relación coa AP 9

Publicación da iniciativa, 236, 10.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:36
Nº Rexistro: 22216
Data envío: 04/01/2018 13:36:29.152

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**.

1. O pasado 30 de decembro, último día hábil do ano, o presidente do goberno de España e o presidente da Xunta de Galicia inauguraban e poñían en servizo a ampliación da ponte de Rande. Para o BNG este feito ven confirmar que a intensificación dos ritmos de traballo nas obras nos últimos meses tiña como obxectivo favorecer os intereses da concesionaria, para poder aplicar os incrementos dos prezos das peaxes previstos na cláusula sexta do convenio asinado polo Ministerio de Fomento e AUDASA no ano 2011.

O acontecido parécenos aínda máis grave tendo en conta que non están totalmente rematadas as obras de ampliación de capacidade na ponte de Rande, que os novos carrís carecen de farolas de alumado e que están sen realizar as melloras comprometidas nas zonas afectadas pola ampliación, nomeadamente na parroquia de Chapela.

2. Estes feitos forman parte dunha longa serie de beneficios, prebendas e tratos de favor concedidos polo goberno do Estado á concesionaria, co beneplácito do PP galego e a Xunta de Galicia: ampliación do período da concesión até os 75 anos, privatización a prezo de amigo, incrementos abusivos das peaxes, bonificacións e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:36
Nº Rexistro: 22216
Data envío: 04/01/2018 13:36:29.152

reducción de impostos, veto a transferencia, permisividade coa redución de custos e empeoramento do servizo, etc.

Ao mesmo tempo, comprobamos como sistematicamente se ignoran e incumpren os acordos do parlamento galego en relación coa AP 9, para non incomodar ao goberno do Estado e á concesionaria.

3. Para o BNG existen moitas zonas de sombra na xestión da AP 9, moitos acordos e negociacións pouco transparentes. E a creación da comisión bilateral de seguimento, que só se reuniu unha vez en 2017, semella máis ben un paripé e unha cortina de fume para eludir as responsabilidades da administración central e galega.

Cómpre pola tanto deitar luz sobre os convenios asinados en 2011 e 2013, sobre os beneficios concedidos á concesionaria, sobre a falta de control sobre o servizo que presta, sobre as obras da ponte de Rande, sobre a negativa á transferencia desta infraestrutura, e sobre o cumprimento dos acordos parlamentares.

Por todo o exposto fórmase a seguinte Interpelación:

Que medidas prevé adoptar o goberno galego para o cumprimento dos acordos parlamentares en relación coa AP9?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:36
Nº Rexistro: 22216
Data envío: 04/01/2018 13:36:29.152

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:25:43

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:25:47

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:25:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:25:50

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:25:52

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:25:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 26272(10/INT-000848)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 4 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:05
Nº Rexistro: 26272
Data envío: 15/02/2018 17:05:47.225



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Concepción Burgo López, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interperlación**.

O pasado 11 de febreiro conmemorouse por segundo ano consecutivo o Día das Mulleres e as Nenas na Ciencia, día proclamado pola ONU para visibilizar a existencia de desigualdades de xénero no ámbitos da ciencia e da investigación, e impulsar o acceso e a participación plena e equitativa das mulleres e as nenas nestas materias.

Os datos avalan o mantemento das desigualdades de xénero no ámbito da ciencia. Por exemplo, segundo o último informe *Científicas en Cifras*, elaborado polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, as mulleres supoñen o 39% da comunidade científica española, unha porcentaxe que non mudou apenas na última década, o que pon de manifesto a inmovilidade que padecemos nesta cuestión, pero ademais indica como a muller vai desaparecendo a medida que ascendemos na xerarquía científica. Os postos de responsabilidade están ocupados por homes. A presenza das mulleres, ese 39%, se basea na aparición das mulleres nos postos iniciais da carreira científica, polo tanto nos postos menos influentes e menos remunerados. Ascender segue a ser tan difícil como o era fai décadas.

E isto a pesar de que a muller é maioría entre o alumnado universitario, aínda que con notables diferencias entre áreas de coñecemento, tamén en número de egresados e incluso mantén porcentaxes moi apreciáveis na primeira fase da carreira científica, a partir de aquí a muller vai desaparecendo.

En Galicia percíbese a mesma realidade da presenza das mulleres nos primeiros pasos da ciencia e a investigación e a diminución posterior.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tamén no noso país a porcentaxe das mulleres nos PDI vai facéndose menor a medida que elevamos o rango académico, e tamén observamos unha forte diferenza da presenza da muller segundo as áreas de coñecemento. Tan só o 29,3% das persoas matriculadas nos estudos técnicos e experimentais das universidades galegas, son mulleres. Isto significa un problema importante porque nestas áreas é onde se invisten máis recursos de I+D e está previsto que serán as que cren máis empregos e de maior calidade nos próximos anos, polo que as desigualdades actuais están coartando as oportunidades laborais das mulleres no futuro.

É claro que esta infrarepresentación da muller na ciencia e na investigación ameaza os obxectivos científicos de acadar a excelencia, ademais de representar un malgasto de recursos, e dende logo unha inxustiza.

A Unión Europea, que leva moito tempo preocupada por este tema, mantén que os poderes públicos teñen a obriga de afondar nas razóns desta realidade así como poñer en marcha políticas activas para cambiala.

Estas políticas deben ser transversais e teñen que ser lideradas pola Xunta de Galicia.

O goberno presidido por Emilio Pérez Touriño foi o primeiro impulsor de políticas moi activas en torno á muller e a ciencia, pero temos que dicir que dende 2009 estas accións se retardaron, e parece que o pouco que se fai se realiza con escaso convencemento, e ca mínima ou nula participación das Consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Economía, Emprego e Industria, cuxas accións deberían ser fundamentais para a consecución da igualdade da muller no eido da ciencia, a investigación e a innovación.

Por todo o anterior os deputados e as deputadas asinantes interpelean o Goberno galego nos seguintes termos:

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª.) Que accións se están levando a cabo por parte da Xunta de Galicia para conseguir reducir a desigualdade entre homes e mulleres nos campos da ciencia e da investigación?

2ª.) Como valora a situación en Galicia das mulleres en todos os ámbitos das ciencias, a investigación e a innovación?

3ª.) Como valora a presenza e as oportunidades reais da muller nos ámbitos da investigación e innovación no sector privado de Galicia?

4ª.) Que medidas considera a Xunta de Galicia que deben ser impulsadas para conseguir unha maior presenza en condicións igualitarias das mulleres no ámbito científico e tecnolóxico tanto no sector privado como público ?

5ª.) Que papel están tendo as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Economía, Emprego e Industria na consecución da igualdade entre homes e mulleres nos campos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/02/2018 17:03:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 15/02/2018 17:03:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/02/2018 17:04:16

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 15/02/2018 17:04:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:05
Nº Rexistro: 26272
Data envío: 15/02/2018 17:05:47.225



 **Grupo Parlamentario**

María Luisa Pierres López na data 15/02/2018 17:03:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 26979(10/POPX-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a actuación do Goberno galego diante das demandas da cidadanía expresadas a través do exercicio dos dereitos de manifestación ou folga



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 26979
Data envío: 26/02/2018 18:26:02.289

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Por que o seu goberno non respecta, nin escoita, á cidadanía que expresa as súas lexítimas demandas exercendo o dereito á manifestación ou o dereito á folga?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 17:35:05

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 26980(10/POPX-000077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización en Galicia de todo o posible para promover a igualdade de xénero



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 18:27
Nº Rexistro: 26980
Data envío: 26/02/2018 18:27:32.806



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, considera vostede que a Xunta de Galicia está facendo todo o posible para promover a igualdade de xénero?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/02/2018 16:47:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 26982(10/POPX-000078)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a incidencia das políticas do Goberno galego na
consecución da igualdade real entre mulleres e homes

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Cre vostede que coas políticas do seu goberno camiñase cara acadar a igualdade real entre mulleres e homes?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 26/02/2018 17:38:24

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 24758(10/POP-002986)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a
implantación do procedemento de contratación directa dos
profesionais das oficinas xudiciais de atención psicolóxica
ás vítimas de violencia machista

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 24758
Data envío: 31/01/2018 19:11:32.949



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Nas sete principais cidades de Galicia había abertas oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista. Este servizo cubríase, en fase de probas, mediante un convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ata o de agora, pero nestes días soubemos que Vicepresidencia decidiu sacar a concurso as 7 prazas, asumindo entón a súa xestión.

Ocorre que o convenio remata neste mes de xaneiro, polo que haberá un tempo ata a contratación directa dos e das profesionais por parte da Xunta de Galicia (e que o Goberno non é capaz de cuantificar), no que as oficinas xudiciais de apoio non estarán operativas. O que preocupa fondamente a este grupo parlamentario.

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ten que ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica de 2004. Non obstante, en Galicia só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a Muller, en Vigo e en A Coruña e, pese ao avance que supuxo o servizo de oficinas de psicólogos, agora os xulgados quedarán sen elas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Canto tempo prevé o Goberno galego que vai tardar en implantar o procedemento de contratación directa dos e das profesionais das oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 24758
Data envío: 31/01/2018 19:11:32.949



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2018 18:58:52

María Luisa Pierres López na data 31/01/2018 18:58:57

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2018 18:59:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2018 18:59:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2018 18:59:11

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 26227(10/POP-003118)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da comprobación da posta en práctica pola CRTVG dun código deontolóxico e de autorregulación para a publicidade e a comunicación non sexista

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno,** relativa á comprobación da posta en práctica dun código deontolóxico e de autorregulación para a publicidade e a comunicación non sexista por parte da CRTVG.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, publicado no DOG nº 32 de 17 de febreiro de 2016, no capítulo III, artigo 13, fala do Fomento da igualdade nos medios de comunicación. A Xunta de Galicia, a traveso dos medios de comunicación de titularidade autonómica e a traveso daqueles nos que participe ou subvencione, garantirá, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade.

Malia os cambios normativos, os medios de comunicación seguen presentando unha imaxe das mulleres altamente estereotipada. Defender que os contidos mediáticos non maltraten, degraden ou presenten como inferiores ás mulleres e que proxecten unha imaxe de mulleres e homes acorde coa realidade social debера ser un obxectivo prioritario do medio público de comunicación de Galicia para un uso non sexista da Publicidade e da Comunicación na nosa Comunidade.

Consideramos necesario promover os dereitos da muller na vida cultural, socioeconómica e política como factor determinante para eliminar a desigualdade que vén sufrindo a muller en todos os ámbitos. A marxinação que impide desenvolver o potencial e dificulta a súa participación en funcións de dirección (o



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 11:31
Nº Rexistro: 26227
Data envío: 15/02/2018 11:31:43.987



“teito de cristal”); oportunidades restrinxidas na formación continua, o desenvolvemento en relación ao traballo; as pésimas condicións de traballo (como o traballo a tempo parcial, contractual, o carácter informal, etc.)

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Pleno:

- Ten pensado a Xunta de Galicia comprobar se a CRTVG pon na práctica un código deontolóxico e de autorregulación para a publicidade e a comunicación non sexista?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.



Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 11:31
Nº Rexistro: 26227
Data envío: 15/02/2018 11:31:43.987

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/02/2018 09:50:42

Paula Vázquez Verao na data 15/02/2018 09:50:58

Paula Quinteiro Araújo na data 15/02/2018 09:51:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 24633(10/POP-002980)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación cos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores realizada no ano 2017, así como as previsións ao respecto para o ano 2018

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:36
Nº Rexistro: 24633
Data envío: 31/01/2018 12:36:09.894

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

Mediante a orde do 23 de agosto do 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, creou unha liña específica de axudas para a instalación de ascensores naqueles edificios de tipoloxía residencial colectiva que carecen do mesmo; axudas tamén aplicables a vivendas unifamiliares e dúplex, así como á instalación de salvaescaleiras e outros aparellos destinados a eliminar os problemas de accesibilidade.

Destas axudas, que poden chegar ata o 60% do orzamento subvencionable cun máximo de 35.000 euros, sempre segundo a situación da edificación e o número de vivendas da mesma, poden ser beneficiarios as comunidades de persoas propietarias e persoas físicas propietarias únicas de edificios de vivendas, de dúplex e edificios de tipoloxía residencial colectiva ou dunha vivenda unifamiliar que cumpran os requisitos económicos de ingresos establecidos. As unidades de convivencia non superarán 3,5 veces o IPREM coa ponderación prevista segundo as distintas situación das mesmas.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **pregunta oral en pleno**:

-Que balance fai a Xunta de Galicia dos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores, e cales son as previsións nesta materia para o ano 2018?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 31/01/2018 12:33:19

Martín Fernández Prado na data 31/01/2018 12:33:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:36
Nº Rexistro: 24633
Data envío: 31/01/2018 12:36:09.894

Jacobo Moreira Ferro na data 31/01/2018 12:33:44

Marta Novoa Iglesias na data 31/01/2018 12:34:31

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/01/2018 12:34:44

Gonzalo Trenor López na data 31/01/2018 12:35:01

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/01/2018 12:35:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 26972(10/PUP-000152)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 13 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da contía media das pensións en Galicia, que afecta de maneira máis grave as mulleres



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 17:39
Nº Rexistro: 26972
Data envío: 26/02/2018 17:39:32.907



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Luis Villares Naveira, Marcos Cal Ogando, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Eva Solla Fernández, Francisco Casal Vidal, Juan José Merlo Lorenzo, Manuel Lago Peñas e Davide Rodríguez Estévez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA URXENTE para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás pensións.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada porque as políticas de austeridade chegaron tamén ás nosas pensións. Recortouse progresivamente a capacidade adquisitiva das pensionistas para paralelamente favorecer os plans privados, empregando un relato interesado e falseado acerca da suposta inviabilidade do sistema público, cando o que é inviable é manter un Goberno incapaz de garantir pensións dignas.

Na actualidade a suba das pensións sitúase nun 0,25% anual, situado por debaixo do IPC, mentres vemos como na suba das peaxes da AP9 se aplica o 1% atendendo ó IPC ou vimos tamén como o Goberno galego subiu un 7% os seus soldos supostamente tamén para actualizarse coa suba do IPC, sen embargo, ás persoas pensionistas non se lles está aplicando o mesmo criterio.

As pensións galegas son das máis baixas do Estado, sendo a provincia de Ourense a que ostenta o primeiro posto desta triste clasificación, unhas pensións que van perdendo aínda máis poder adquisitivo ao subir moi por debaixo do que



o fai o IPC, este ano nun ridículo 0,25%, unha burla intolerable ás persoas que traballaron toda a súa vida para construír a nosa sociedade.

As mulleres son as grandes prexudicadas. Unha de cada catro mulleres maiores de 65 anos están baixo do limiar da pobreza, e a explicación atopámola na precariedade que marca a vida laboral destas. Cobran menos e ademais teñen moitas máis lagoas de cotización na súa vida. Sobre elas segue recaendo a maior parte do traballo reprodutivo, case nunca remunerado nin valorado.

As pensións das mulleres son de media un 37% inferior á dos homes.

Das persoas beneficiarias de pensións de xubilación non contributivas da Seguridade Social en Galicia un 78% son mulleres, evidenciando así que son moitas as que ao final da súa vida laboral teñen que recorrer a este recurso, as pensións non contributivas, cuxo importe medio en Galicia no ano 2014 segundo o IMSERSO foi de 354,46 euros, cantidade totalmente insuficiente.

No que atinxe estritamente ás bases de cotización, a diferenza entre homes e mulleres é de preto do 20% de media, e o que é máis grave, esta diferenza é superior nas de menor idade.

As bases de cotización das menores de 24 anos son un 21,3% inferiores ás dos homes da mesma idade, o que pon en cuestión que as diferenzas se estean a reducir na actualidade.

Un gran número de persoas manifestáronse recentemente nas cidades e vilas galegas -e tamén no resto do Estado Español- en demanda de pensións dignas. Estas manifestacións evidencian a crecente preocupación polo futuro dunhas mulleres e homes que durante anos traballaron por facer deste País un lugar mellor para vivir e que agora vense ameazados por un abandono interesado do Goberno.

Son estas unhas reclamacións lexítimas ante as que o Goberno debería responder.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 17:39
Nº Rexistro: 26972
Data envío: 26/02/2018 17:39:32.907



Ante o exposto, presentamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en pleno:

- Que valoración fai o Goberno da paupérrima contía media das pensións en Galicia, que afecta de maneira máis grave ás mulleres?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 26/02/2018 17:36:03

Carmen Santos Queiruga na data 26/02/2018 17:36:13

Paula Vázquez Verao na data 26/02/2018 17:36:22

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/02/2018 17:36:28

Luis Villares Naveira na data 26/02/2018 17:36:33

Magdalena Barahona Martín na data 26/02/2018 17:36:42

Luca Chao Pérez na data 26/02/2018 17:36:54

Antón Sánchez García na data 26/02/2018 17:37:01

Juan José Merlo Lorenzo na data 26/02/2018 17:37:09

Eva Solla Fernández na data 26/02/2018 17:37:14

José Manuel Lago Peñas na data 26/02/2018 17:37:17

Francisco Casal Vidal na data 26/02/2018 17:37:21

David Rodríguez Estévez na data 26/02/2018 17:37:25

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2018 17:37:29

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 26967(10/PUP-000151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da contratación, a través dun procedemento negociado sen publicidade, dun programa de actividades para a promoción do evento Xacobeo 2021 por importe de case tres millóns de euros (IVE incluído)

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

Xustificación da urxencia

Pola falta de transparencia no proceso de contratación do patrocinio publicitario e as denuncias que este suscitou por parte dos axentes culturais.

Exposición de motivos

O 21 de febreiro de 2018 publicouse no portal de contratación da Xunta de Galiza a resolución dun contrato privado de patrocinio publicitario entre a Axencia Turismo de Galicia e a UTE Old Navy Port Producións, S. L. e Esmerarte Industrias Creativas, S. L. para a promoción do evento Xacobeo 2021, a través da celebración do festival ‘O Son do Camiño’ en Santiago de Compostela e cinco concertos nas principais cidades galegas no ano 2018.

A contía total da contratación ascende a 2.975.000 millóns de euros (IVE incluído) e foi resolta a través dun proceso negociado sen publicidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 17:09
Nº Rexistro: 26967
Data envío: 26/02/2018 17:09:23.564

Dous días despois, o 23 de febreiro, ‘O Son do Camiño’ dá a coñecer o cartel e as bandas que actuarán no Monte do Gozo entre as que se atopan relevantes artistas internacionais cunha presenza de bandas galegas, e en galego, absolutamente residual.

As entradas do festival, que terá lugar os días 28 a 30 de xuño, saen á venda a un prezo inicial de 39 euros + gastos (bono tres días).

Sorprende que o principal evento promocional arredor do Xacobeo 2021, que, cómpre lembrar, foi anunciado publicamente pola Xunta de Galiza como actividade propia a través da Axencia de Turismo o 12 de xaneiro de 2018, teña un custe tan elevado e, na súa contratación, o Goberno galego apenas actúe de patrocinador. Alén do máis, sorprende o procedemento de contratación seguido pola Xunta, sen publicidade por exclusividade, o que provocou grande malestar entre as empresas do sector.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza a través da AGADIC destinou en materia de subvencións a festivais de música para o ano 2017, a última convocatoria publicada até o momento, tan só 220.000 euros (DOG núm. 63, do xoves 20 de marzo de 2017) sendo o máximo ao que pode optar calquera proxecto que a solicite de 50.000 euros.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 17:09
Nº Rexistro: 26967
Data envío: 26/02/2018 17:09:23.564

Por que se contratou a través dun proceso sen publicidade por exclusividade, é dicir, sen concurso público, un programa de actividades que ascende a case tres millóns de euros (IVE incluído)?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2018 17:08:19

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2018 17:08:24

María Montserrat Prado Cores na data 26/02/2018 17:08:28



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 17:09
Nº Rexistro: 26967
Data envío: 26/02/2018 17:09:23.564

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 17:08:30

Xosé Luis Bará Torres na data 26/02/2018 17:08:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/02/2018 17:08:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 23459(10/POP-002835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade
dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 13:05
Nº Rexistro: 23459
Data envío: 17/01/2018 13:05:23.435



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López, Luis Manuel Alvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Nos últimos anos estanse a producir profundos cambios na poboación galega que lles afectan especialmente ás mulleres, que, aínda que melloraron a súa saúde e a súa calidade de vida, non fixeron desaparecer as desigualdades sociais e de xénero e están determinando cambios na incidencia dalgunhas patoloxías, na forma de vivir a enfermidade e de relacionarse co sistema sanitario.

O coidado da poboación dependente recae, fundamentalmente, sobre mulleres que condicionan a súa calidade de vida a esta atención. O coidado de persoas resulta un labor que, polas súas condicións, implica no plano médico unha sobrecarga física, psíquica e emocional que afecta á saúde.

Os cambios nos modelos reprodutivos, como son o atraso da maternidade e o aumento do número de nais en activo, supón que as mulleres que deciden ter fillos están máis e mellor informadas, as súas expectativas en relación á experiencia da maternidade cambiaron e queren un tipo de atención diferente, cunha participación máis activa e con novidades que contribúen a unha mellor experiencia. Outros aspectos sobre saúde sexual e reprodutiva teñen especial relevancia tamén en función do xénero, como o maior risco de infección de enfermidades de transmisión sexual, e tamén na necesidade dun sistema efectivo e cumpridor en relación á interrupción voluntaria do embarazo.

Aínda con todo isto, as cuestións específicas referidas á muller en termos de saúde non se limitan a cuestións de saúde reprodutiva e en enfermidades xinecolóxicas. O patrón normativo en saúde foi o home e considerouse que homes e mulleres respondían igual ás enfermidades e aos tratamentos, e que os factores de risco eran tamén iguais para homes e para mulleres. A evidencia demostranos que moitas enfermidades preséntanse con maior frecuencia entre as mulleres, como as enfermidades reumatolóxicas ou as

autoinmunes; outras maniféstanse de forma diferente, como a cardiopatía isquémica. As mulleres foron invisibles para a ciencia médica, por iso, cómpre investigar as diferenzas para ter unhas prestacións en saúde máis igualitarias. A pesares dos avances producidos, son aínda poucos os datos dos que dispoñemos de estudos separados por sexo, polo que cómpre seguir avanzando nun sistema de indicadores de xénero que nos permita coñecer con precisión a situación da saúde das mulleres para poder establecer políticas de saúde que respondan ás súas necesidades diferenciais.

Esta situación xustificou, con maior contundencia se cabe no seu momento, a necesidade da elaboración dun Plan de atención integral de saúde das mulleres, que se definiu no ano 2007 pola Consellería de Sanidade. Esta ferramenta estratéxica tiña como obxectivo servir para planificar e intervir no sistema sanitario para introducir a variable xénero de maneira integral no contexto da saúde. O plan definiu 32 programas dirixidos á muller ao longo de todo o seu ciclo vital en 5 eidos estratéxicos de planificación e intervención:

- Estratexia de mellora na saúde da muller ao longo do seu ciclo vital
- Estratexia de promoción de hábitos de vida e detección precoz
- Estratexia de atención á muller con problemas sanitarios
- Estratexia de participación
- Estratexia de coordinación

En definitiva, o Plan de atención integral de saúde das mulleres foi un compromiso de acción política coas mulleres galegas, coa súa saúde e coa súa calidade de vida; coa igualdade de dereitos, contemplando as diferenzas como forma de chegar a unha meirande equidade, desexada en todos os planos vitais e tamén en saúde.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ten o Goberno galego un plan específico sobre a atención integral á saúde das mulleres na actualidade?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2018 13:04:40

María Luisa Pierres López na data 17/01/2018 13:04:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2018 13:04:50

Noela Blanco Rodríguez na data 17/01/2018 13:05:01

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.7 26248(10/POP-003121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de atender as reclamacións d@s profesionais dos PACs.

@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada PAC do Servizo Galego de Saúde, están a denunciar que as condicións de traballo empeoraron nos últimos anos tanto en recursos humanos e materiais como en retribucións e presión asistencial, de xeito especial dende a creación das Estruturas Organizativas de Xestión Integradas EOXIS. Denuncian que a súa situación laboral está sendo insostible e polo tanto a repercusión asistencial. Os acordos asinados co Sergas no ano 2008 non se cumpriron e menos foron revisados nin actualizados, negándose o Sergas a convocar a comisión de seguimento do acordo para actualizalo en beneficio d@s profesionais.

Faise polo tanto imprescindible que por parte da Consellaría de Sanidade, do Sergas, se lle dea solución a esta situación. Este colectivo de profesionais ten unha táboa reivindicativa que consideramos xusta e debe ser asumida por parte do Sergas e que solicitan:

- Equipos completos médic@/enfermeir@ en todos os PACs. A atención a emerxencias sen persoal adecuado non é aceptábel nun país desenvolvido;



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26248
Data envío: 15/02/2018 13:21:39.258

e a responsabilidade desta asistencia de baixa calidade é da mala planificación por parte das EOXI.

- Respecto aos tempos de traballo do persoal conforme a directivas europeas, que están para garantir unha atención eficiente por persoal descansado en beneficio d@s doentes. Isto debe ser independente de ter un contrato fixo ou traballo fraccionado, o fraccionamento de contratos non pode empregarse para non cumprir cos descansos.
- Calquera avaliación de “derivación hospitalaria” debe ser eliminada das listas de obxectivos, xa que as derivacións non son opcionais, seguen criterios médicos. Os ADX deben adecuarse ao traballo no PAC.
- A existencia de criterios obxectivos para a dotación de persoal nos PACs en base á carga asistencial, dispersión, distribución, distancia ao hospital e número de mobilizacións polo 061 para garantir o dereito a asistencia.
- pago do 100% dos complementos de nocturnidade e festividade dende este momento e con carácter retroactivo dende o 2010.
- Que non se aumente a xornada laboral efectiva das 1451 horas actuais, calquer exceso de xornada debe ser voluntaria, incentivada e por tramos; empeorar as condicións laborais aumentarán as fugas de persoa a outras áreas e serizos e empeorará a asistencia.
- Cómputo axeitado de Incapacidades Temporais e permisos retribuídos
- As asistencias a calquera reunión convocada dende as xerencias deben ser contabilizadas coma xornada laboral.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26248
Data envío: 15/02/2018 13:21:39.258

- As dietas dos domingos e festivos deben ser aboadas polo xantar e pola cea.
- Elaboración dos calendarios de quendas dando prioridade ao persoal propio de PAC, ocupando o persoal voluntario os ocos.
- A dotación de Equipos de Protección Individual a todo o persoal que traballa nos PAC s, inda que sexan persoal en formación ou ocasional. Debe existir un circuíto de limpeza que evite ter que levar a roupa a lavar ao domicilio persoal.

Por estas razóns fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai atender o Goberno galego as demandas d@s profesionais que prestan servizos nos Puntos de Atención Continuada do Sergas?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26248
Data envío: 15/02/2018 13:21:39.258

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 13:17:32

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 13:17:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 13:17:38

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 13:17:40

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 13:17:41

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 13:17:43

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.8 25960(10/POP-003088)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 6 máis

Sobre as melloras levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos
últimos anos nas instalacións dos centros de menores

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 18:05
Nº Rexistro: 25960
Data envío: 09/02/2018 18:05:56.521

A Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Marián García Míguez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia vén de publicar no DOG unha nova liña de axudas dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para mellorar os recursos da rede galega de centros de protección de menores, a través da cal o Goberno autonómico destinará 625.000 euros para tal fin.

Esta iniciativa, enmarcada no Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, ten como obxectivo mellorar a calidade da atención recibida para aqueles menores que a través do acollemento residencial se atopan baixo a protección da Xunta de Galicia.

Inclúe as obras menores e a adquisición do equipamento preciso na consideración de que a calidade das infraestruturas e do mobiliario e recursos educativos utilizados son un factor básico de impulso da calidade da atención prestada e vai en consecuencia co compromiso adquirido coa cidadanía galega no programa electoral co que obtivemos a súa confianza maioritaria e no que se recollía como medida específica a de “desenvolver un plan de mellora das instalacións dos centros de menores”.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que melloras ten introducido a Xunta de Galicia nas instalacións dos centros de menores nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 09/02/2018 18:01:43

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/02/2018 18:01:52

María Ángeles García Míguez na data 09/02/2018 18:01:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 18:05
Nº Rexistro: 25960
Data envío: 09/02/2018 18:05:56.521

María Encarnación Amigo Díaz na data 09/02/2018 18:02:04

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/02/2018 18:02:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/02/2018 18:02:19

María Soraya Salorio Porral na data 09/02/2018 18:02:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.9 26960(10/PUP-000150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para o recoñecemento do labor historicamente desenvolvido polas mulleres do mar



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 16:37
Nº Rexistro: 26960
Data envío: 26/02/2018 16:37:04.207



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de levar a cabo un recoñecemento efectivo ás mulleres que se dedican o mar, e coñecer que medidas ten previsto aplicar o Goberno galego neste sentido.

O papel da muller é clave no sector pesqueiro, especialmente en canto á xestión do día a día. Contribúen especialmente no desenvolvemento socioeconómico das zonas de influencia onde traballan agrupadas. Non obstante, falta conciencia social sobre a importancia da súa contribución.

As mulleres traballan dunha a catro horas máis Cos homes, sosteñen a miles de familias e traballan aínda estando enfermas, para poder acadar unha xubilación digna. A desigualdade entre ambos sexos é un feito, algunhas mulleres rematan a súa formación e non son capaces de completar as horas do mar porque non atopan quen as enrole.

Moitos son os anos que levan presentes no sector pesqueiro e no que non foron tidas en conta. O Goberno debe recoñecer o seu traballo. Para iso é necesario a aplicación de medidas concretas como a aplicación dun coeficiente redutor na idade de acceso á xubilación, o recoñecemento de enfermidades profesionais, incentivos para a contratación de mulleres a bordo, destinar maiores recursos para o fomento de campañas públicas que fomenten o asociacionismo neste colectivo, adopción de medidas que favorezan a igualdade salarial entre homes e mulleres do sector pesqueiro, fomentar medidas de conciliación da vida familiar e laboral a través de plans de garderías na proximidade dos portos pesqueiros máis importantes, e poñer en marcha aulas matinais nos centros educativos, tamén próximos aos portos, nos que as mulleres que traballan na pesca poidan ter os seus fillos con horarios máis flexibles.

 **Grupo Parlamentario**

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para que as mulleres do mar teñan o recoñecemento merecido polo seu labor historicamente desenvolvido rematando así coa invisibilidade do seu traballo?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 26/02/2018 16:35:59

Julio Torrado Quintela na data 26/02/2018 16:36:10

María Luisa Pierres López na data 26/02/2018 16:36:15